

documentos e datos inéditos ou descoñecidos

For a biography of Aníbal Otero as a linguist: unpublished or unknown facts and documents

Xesús ALONSO MONTERO

Universidade de Santiago de Compostela
Departamento de Filoloxía Galega

Para a escritora Carmen Blanco Ramos, que asistiu á miña conferencia “Aníbal Otero e a lingüística galega no exilio”, no congreso “Setenta anos despois” (Pazo de Mariñán, 14-3-2009), co desexo de que, na súa Santa Comba natal, non deixe de cultivar a narrativa, e coa esperanza de que, algún día, se as musas son concordes, escriba un relato de “ficción” sobre Aníbal Otero, “mártir da Lingüística” nos días tráxicos do verán do 36

RESUMO

A intención do autor é facer unha aproximación á admirada figura do lingüista galego Aníbal Otero (1911-1974) e percorrer os aspectos máis destacados da súa carreira como investigador da lingüística galega mediante algúns documentos persoais inéditos, en especial dous episodios: a súa colaboración na redacción do ALPI e a súa entrada na Real Academia Galega.

PALABRAS CHAVE: Lingüística galega, ALPI, Real Academia Galega

ALONSO MONTERO, X., (2009): “Para a biografía de Aníbal Otero como lingüista: documentos e datos inéditos ou descoñecidos”. *Madrygal (Madr.)*, 12: 11-24.

RESUMEN

La intención del autor es realizar una aproximación a la admirada figura del lingüista gallego Aníbal Otero (1911-1974) y recorrer los aspectos más destacados de su carrera como investigador en lingüística gallega mediante algunos documentos personales inéditos, en especial dos episodios: su colaboración para la redacción del ALPI y su entrada en la Real Academia Galega.

PALABRAS CLAVE: Lingüística gallega, ALPI, Real Academia Galega

ALONSO MONTERO, X., (2009): “Para la biografía de Aníbal Otero como lingüista: documentos y datos inéditos o desconocidos”. *Madrygal (Madr.)*, 12: 11-24.

ABSTRACT

The author aims to approach the admired linguist Aníbal Otero (1911-1974) by reviewing the most important aspects of his career as a researcher in Galician linguistics through some unpublished personal documents, paying special attention to his collaboration in ALPI and his arrival to the Galician Academy.

KEY WORDS: Galician linguistics, ALPI, Galician Academy.

ALONSO MONTERO, X., (2009): “For a biography of Aníbal Otero as a linguist: unpublished or unknown facts and documents”. *Madrygal (Madr.)*, 12: 11-24.

SUMARIO: 1. Notas biográficas 2. Traballar os meus leiriños 3. Aníbal Otero de 1951 a 1957: do ALPI e da Real Academia Galega 4. Publícase en 1962 o primeiro (e único) tomo do ALPI: repercusión en Galicia. 5. En 1963 a Real Academia Galega propónse facer numerario a Aníbal Otero.

NOTA PRELIMINAR

O presente estudo é inédito nunha gran parte. Só os dous primeiros apartados foron publicados, recentemente, co título “Para a biografía de Aníbal Otero: da súa relación con Otero Pedrajo”, *Homenaxe ao profesor Xosé Luís Couceiro*, USC, 2008, pp. 25-31). Tamén é inédito, no presente traballo, o Apéndice.

1. NOTAS BIOGRÁFICAS

Aníbal Otero Álvarez naceu o 21 de xaneiro de 1911 na aldea de Barcia (Ribeira de Piquín, Lugo), onde morreu, ós 63 anos de idade, o 11 de marzo de 1974. Temos noticia de que a súa verdadeira vocación era a poesía, razón pola cal, quizais, se matriculou, en 1926, na Facultade de Filoloxía e Letras da Universidade Central onde cursou a case totalidade das materias de Filoloxía Románica¹. En calquera caso, Aníbal Otero é coñecido hoxe, dentro e fóra de Galicia, pola súa colaboración no *Atlas Lingüístico de la Península Ibérica*, (ALPI), obra magna da cartografía lingüística románica, da que só se publicou o volume I (1962). Hai lingüistas no mundo que aínda non perderon a esperanza de que se publiquen os nove volumes seguintes (e o anexo), entre eles o profesor canadiano David Heap². Cómpre saber que os cadernos cubertos por Aníbal Otero en Galicia e Portugal (51+191), xa só, xa en colaboración cun lingüista portugués (Nobre de Gusmão ou Cintra) “están agora —comunicanos o profesor Antón Santamarina— depositados no Instituto da Lingua Galega porque Asunción Álvarez, a muller de Otero, mos cedeu despois da morte do filólogo, en 1977”³.

Xa rematada a investigación lingüística no territorio de lingua galega, Otero, no verán de 1936, inicia, con Gusmão, a recolleita no norte de Portugal, onde estaba a fins de xullo dese ano, xa Galicia en poder dos militares sublevados. É o momento en que as autoridades salazaristas portu-

guesas, simpatizantes do Alzamento militar-fascista de España, desconfían daquel español que apunta nuns curiosos cadernos palabras nunha clave estraña. Aquel español non logra convencer á policía portuguesa —nin ás novas autoridades galegas despois— de que as palabras dos seus cadernos son as ditas por certos “camponeses” de Portugal e que el transcribiu, como esixen os criterios da cartografía lingüística, no alfabeto fonético elaborado e publicado pola *Revista de Filología Española*. Aníbal Otero, que estaba “in partibus infidelium”, non foi quen de convencer ás autoridades salazaristas e franquistas de que el era un filólogo e de que os seus escritos, lonxe de seren mensaxes a Madrid para o Goberno do Frente Popular, eran os textos que a un fonetista lle esixía a Xeografía lingüística. Mediou a tempo o sacerdote compostelán don Xesús Carro, e foi el quen, sen ser experto en Lingüística, xurou que aqueles signos non eran os dun espía “roxo” senón os dun dialectólogo que empregaba o alfabeto dos fonetistas. Librouno da morte, non así da cadea perpetua, porque as novas autoridades españolas tiñan outras noticias para asañarse con aquel cidadán que estaba ó servizo da República. Xa condenado, Aníbal Otero beneficiouse, como outros reclusos “sen delitos de sangue”, da graza de conmutación da pena. En realidade, estivo en prisión desde o 5 de agosto de 1936 ó 22 de maio de 1941.

Non foi o único colaborador do ALPI que sufriu reclusión. O filólogo valenciano Manuel Sanchis Guarner (1911-1981) estivo nas cadeas franquistas tres anos e medio, de 1939 a 1942. Este —cómpre aclaralo— foi combatente na España leal, a republicana, onde chegou a acadar o grao de capitán.

O director do ALPI, Tomás Navarro Tomás, sempre recordou con afecto e admiración a Aníbal Otero. Na carta de pésame que lle envía a Horocel Otero, fillo do noso lingüista, escribe:

Es su padre el primer miembro que desaparece de la estrecha familia que formamos alrededor del Atlas Lingüístico de la Península Ibérica. Puso su padre, como todos, al servicio de esa obra la gene-

¹ Os biógrafos, incluso o máis documentado, Antón Santamarina (Verba, 2, 1975, p.7), non precisan o “curriculum” universitario de A. O. O seu fillo, Horocel, envioume, en 1974, unha nota mecanoscrita nestes termos:

Rematou os estudos de Filoloxía Románica polo ano 1931, no que entrou a colaborar no desaparecido Centro de Estudios Históricos (sabido é que nunca chegou a licenciarse, e coído que lle faltaba unha asignatura, concretamente Hebreo).

Na documentación da Causa (que coñozo e estou examinando), sempre que o encausado ten que declarar a profesión, consigna “estudiante”.

² V. o seu art. “Segunda noticia histórica del ALPI (A los cuarenta años de la publicación de su primer tomo)”, *Revista de Filología Española*, Madrid, enero-junio, 2002.

³ “Trinta anos de Atlas Lingüístico Galego”, *A trabe de ouro*, Santiago, n.º 72, 2007, p. 54.

rosidad de su competencia y entusiasmo, pero sufrió además el sacrificio injusto e infundado de una larga prisión...

[...]

El nombre de su padre recibirá el honor que le corresponde, acrecentado por el sufrimiento que la violencia de un ciego atropello le hizo padecer.

Fue un amigo afectuoso y un colaborador de rigurosa y responsable disciplina. Me afecta su desaparición como la de un próximo familiar. Siempre lo recordaré con cariño. (1-V-1974)

Invitado don Tomás Navarro, polo Instituto da Lingua Galega, a colaborar nun número de *Verba* dedicado ó lingüista que acababa de falecer, recoñece, de novo, nunha emotiva carta, as súas virtudes científicas e, con elas, o agarimo que sempre sentiu por el:

Tuve siempre en gran aprecio sus cualidades personales. Era callado, reflexivo y discreto. Sus observaciones eran oportunas y acertadas. En las discrepancias que solían ocurrir en las prácticas de transcripción del seminario fonético del Centro de Estudios Históricos, sus interpretaciones se distinguían por su exactitud. Su cooperación era eficaz y puntual.

Na mesma carta, o profesor fai referencia ó drama vivido en Portugal, a fins de xullo de 1936, polas características da súa investigación lingüística:

Tuvo la desgracia de que sus escrupulosas transcripciones, en signos de aspecto cabalístico para ojos ignorantes, le hicieron aparecer sospechoso de espionaje en los excesos de suspicacia de los primeros días de la guerra civil. Fue encarcelado y sufrió una larga, infundada y dolorosa prisión. (Carta a Constantino García, 22-VII-1974)⁴.

O ilustre fonetista que escribía desde o exilio, desde Estados Unidos, facíao nunhas datas algo anteriores á morte de Franco. Nunha ocasión comunicoulle a Aníbal Otero o seu “propósito de no volver a España bajo el presente régimen...” (30-XI-1959). Foi fiel a ese propósito. O gran fonetista logrou salvar, en plena guerra civil, o inxente material do ALPI nun éxodo inzado de dificultades e perigos: Madrid, Valencia, Barcelona, Francia, Nova Iorque. En 1951 pactou cos dirixentes do Consejo Superior de Investi-

gaciones Científicas a devolución do material, con dúas condicións innegociables: que se publicara e que finalizaran as investigacións e editaran o ALPI os seus antigos colaboradores (dous dos cales, Otero e Sanchís Guarner, pasaran anos nas cadeas franquistas). Cumpriuse a segunda condición plenamente, pero, en canto á primeira, só se publicou, en 1962, o primeiro tomo, menos da décima parte da obra. Todo fai supoñer que ó Réxime de Franco o único que lle importaba era saír, ó publicarse o primeiro volume, na foto con don Ramón Menéndez Pidal, supervisor ou valedor do proxecto de Navarro Tomás. Así foi, e a foto está nos periódicos da época. Por certo, o propio Navarro Tomás negouse a que o seu nome figurase “en la portada del Atlas” (id). O primeiro volume circulou polo mundo científico como se Rafael de Balbín (o home do Réxime nesta operación) fose o director. Houbo reseñas tan infames como a de Vicente García de Diego, capaz de afirmar:

El Consejo Superior de Investigaciones Científicas y el ilustre director del ALPI don Rafael de Balbín, con dar cima a esta difícil obra, habrán prestado uno de los más señalados servicios a la cultura española⁵.

A historia e o drama do ALPI desde 1936 a 1962 (ano do primeiro e único tomo da obra) esixe desde hai tempo que se conte como un capítulo admirable da ciencia española nun contexto político extraordinariamente desfavorable. Eu non tardarei en publicar na editorial Linteo (Ourense) o libro: *La Lingüística española en el exilio: Navarro Tomás (en el exterior) y Aníbal Otero (en el interior)*, libro que, moi probablemente, se presente no 2009, en La Roda (Albacete), patria do gran fonetista co gallo do Congreso sobre o exilio que se celebrará en Castilla-La Mancha.

2. TRABALLAR OS MEUS LEIRIÑOS

En outubro de 1950, don Ramón Otero Pedrayo, director da *Historia de Galiza* (en varios volumes), proponlle a Aníbal Otero que redacte para esa obra o capítulo da Lingua, proposta á que el, non sen cortésia, contesta negativamente.

⁴ *Verba*, n.º 2, 1975, p. 6.

⁵ Revista de Dialectología y Tradiciones Populares, Madrid, 1962, p. 545.

Convén saber que Otero, desde que saíu da cadea en maio de 1941, era, na aldea de Barcia, un campesiño máis. De feito, só uns meses antes publicara o seu primeiro artigo filolóxico: “Hipótesis etimológicas referentes al gallego-portugués” (*Cuadernos de Estudios Gallegos*, 1949). Pouco máis ca un divertimento, entre sacha e sacha, para quen xa non ten proxectos profesionais agás —como lle aclara a don Ramón Otero— o de “traballar os meus leiros”. Velaiquí a carta:

Trasalba (Orense), 12 de octubre de 1950

Sr. Dn. Aníbal Otero

Meira

Muy distinguido Señor: le pongo estas líneas pidiendo su colaboración en la “Historia de Galicia” que, sufragada económicamente por D. Manuel Puente, patricio gallego, vecino de Buenos Aires, redacta un grupo de escritores gallegos. Nos proponemos cinco volúmenes del formato aproximado a los de la Historia de Ballesteros y Beretta, se redactarán en gallego e irán publicándose a lo largo de varios años.

Mi ilusión, como director de la obra, es que el primer volumen, de sobre 800 ó 1.000 páginas, quede redactado, copiado y listo para enviar a Buenos Aires, donde se imprimirá, en los meses de mayo o junio próximos. Lo formarán, con un estudio folklórico y etnográfico de Risco y Joaquín Lorenzo, la Prehistoria por Cuevillas, una introducción geográfica por mí y el trabajo que le pido, muy encarecidamente a Vd. en estas líneas: un resumen histórico de la lengua gallega, con una extensión material de 80 ó 100 páginas. El nobilísimo intento de Puente no ha de quedar defraudado. Es caso de honra para Galicia. Castelao murió pensando en esta obra. Tengo sobre ella las últimas palabras escritas por su mano. Queremos dar en la obra de carácter general informaciones nuevas. No habrá capítulo sin sólida fundamentación dentro de un tipo que no es colección de monografías y, sí, descubrimiento orgánico desde un sentido central gallego.

He sido culpable de abandono en no escribirle antes. Tengo mil atenciones y soy además perezoso. Vd. puede escribirnos con novedad y ciencia ese capítulo en un primer tomo que puede ser decisivo para el buen éxito de la obra. Confío en obtener la ayuda de Vd. En caso de no escribirme pronto le suplico envíe la carta a la Facultad de Filosofía y Letras de Santiago. El estipendio —hay que hablar de todo— será por página impresa lo que para entonces satisfaga el Centro de

Investigaciones. Puede emplearse alguna cantidad en viajes de investigación.

Esperando una respuesta favorable, le saluda y se declara su affmo. servidor y amigo

Ramón Otero Pedrayo

Ninguén escribiu a prehistoria e historia internas desta monumental *Historia de Galiza* da que só se publicaron, serodidamente, tres volumes: I, 1962; II, 1962, e III, 1973. Foi unha *Historia* ideada polo galeguismo do exterior (Castelao, Manuel Puente) e deseñada polo galeguismo do interior (Otero Pedrayo et alii); unha *Historia* que, desde o inicio, tropezou cunha proxectada por Sánchez Cantón e Filgueira Valverde no Instituto P. Sarmiento de Estudios Gallegos, traballo -non cómpre ser moi agudo- que estaría presidido por un espírito máis oficialista. Algo dixen, verbo destas dúas *Historias*, nun libro meu de 1955⁶. Nese libro ofrezco algunhas cartas inéditas non alleas á historia interna da “grande obra”, como lle chamaba don Ramón desde 1948⁷.

Qué noticias tiña Otero Pedrayo da formación filolóxica de Aníbal Otero? Dirixiuse a el “motu proprio” ou aconsellado por Ramón Piñeiro, xa, daquela, home na sombra deste tipo de iniciativas? Era, Aníbal Otero, a persoa axeitada para redactar unha monografía sobre a historia da lingua galega? O que se sabía, por moi poucos, do noso lingüista, é que era experto en dialectoloxía, lexicografía e fonética do galego, pero ninguén tiña datos de que se interesase pola gramática histórica. Agora ben, era tal o ermo, en Galicia, no eido da Romanística, que un filólogo das características de Aníbal Otero non era, daquela, unha escolla desaxeitada (Lémbrese que, en 1948, José Luis Pensado Tomé aínda non finalizara, en Madrid, os cursos de Filoloxía Románica).

Vexamos qué contesta e cómo Aníbal Otero seis días despois, a volta de correo:

Sr. D. Ramón Otero Pedrayo

Muy distinguido señor mío: Agradezco mucho el honor que me hace solicitando mi colaboración para la magnífica Historia de Galicia que Vd. dirige; pero no puedo corresponder a él porque no tengo la preparación necesaria para hacer concienzudamente el trabajo que me pide. Yo sólo conozco un poco, a través de pequeñas encuestas realizadas en algunos pueblos, el gallego actual, pero nunca tuve en

⁶ *Lingua e literatura galegas na Galicia Emigrante*, Xunta de Galicia, 1995, pp. 138-42.

⁷ V. op. cit. na n. 6, pp. 227-35

mis manos un documento. En la historia del gallego no poseo otro conocimiento que el que puede derivar de la Gramática Histórica de García de Diego, y con ese solo bagaje científico sería una osadía incalificable emprender el trabajo que Vd. me pide. A lo que yo entiendo, los únicos que podrían hacer algo nuevo e interesante sobre el tema, son el citado García de Diego o Eugenio López Aydillo. Este según mis noticias, tiene desde hace tiempo un Diccionario histórico gallego y ha estado un año pensionado en Lisboa investigando sobre el tema.

La lengua gallega me ha interesado siempre mucho, pero las circunstancias de la vida me han impedido adelantar en su conocimiento. Sin medios de investigación y lejos de toda biblioteca, yo lo único que puedo hacer es lo que hago: traballar os meus leiriños (o suliñado é meu); no colaborar en empresas científicas de la categoría de la emprendida por Vd.

Aprovecho la ocasión para ofrecerme suyo affmo, amigo y servidor.

Aníbal Otero

Meira. Barcia. Lugo.
18 octubre 1950

Non é moi sincero Aníbal Otero ó afirmar que coñece só un pouco do galego actual, cando era, sen dúbida, o lingüista profesional que fixera máis calas no mapa idiomático de Galicia. Quizais a algún lector o sorprenda que suxira, para colaborar na *Historia*, a Eugenio López Aydillo (1888-1965), home, en efecto, non totalmente alleo ós textos medievais do galego, pero, daquela, alleo ás inqueanzas galeguistas de Otero Pedrayo e do seu grupo. O mesmo se podería afirmar de García de Diego, profesor meu de Dialectoloxía española, nesas datas, na Universidade Central.

O que está claro é que Aníbal Otero, cunha formación envidiable noutros saberes lingüísticos, non está disposto a facer o esforzo de, a partir do manual de García de Diego, escribir un resumo de gramática histórica galega. É certo que a súa biblioteca filolóxica era exígua, pero, no caso de Aníbal Otero, foi máis determinante o das “circunstancias” da vida de que fala na súa carta. Aníbal non ten azos para a empresa proposta. Nesa altura, 1950, a sorte, para o profesional da Lingüística, estaba botada. Casara o 31 de maio do ano anterior con Asunción Álvarez, curmá súa, mestra, e non tiña outro compromiso e outro horizonte que traballar os seus leiriños.

Os especialistas en historiografía lingüística galega saben que, na famosa *Historia de Galiza*,

en ningún dos seus tres volumes, existe un capítulo dedicado á lingua galega, quizais o máis cobizado polos ideadores e o director da obra. Agora xa sabemos que Aníbal Otero non asumiu a responsabilidade de redactalo.

Pero os responsables da “grande obra” non renunciaron a ese capítulo, razón pola cal encargáronllo a Aquilino Iglesia Alvariño. Non era un romanista pero era un bo latinista, un extraordinario coñecedor do léxico galego e non estaba alleo a outras ponlas da Lingüística galega. Foi, por tanto, naquel case ermo filolóxico, unha boa elección. Aquilino fixo o traballo, un traballo que a don Manuel Puente, o mecenas da obra, suscitá-lle, en carta a don Ramón, este comentario:

Sinto decirlle que a a min e aos amigos patriotas a quenes teño ao tanto de tudo o referente á Historia, nos produxo magoante impresión. Non, dende logo, polo que fai ao aspecto científico e técnico do traballo, que estimamos [...] de outísimo méreto, senón ao espírito “derrotista” ou de subestimación da nosa lingua [...] Sexa que se refaga o traballo ou que se encomende a outro, convén meter a máisima presa, pois ise capítulo ten de ir no segundo dos tomos...

A carta é do 20 de decembro de 1955, e no segundo volume da *Historia*, de 1962, non figura o traballo de Aquilino. Por se fose pouco, don Manuel Puente adxúntalle a don Ramón un “informe” redactado por persoas un tanto “expertas” no que se expón:

- a) [Fáltalle ó traballo] quentura patriótica
- b) Deixa no lector unha idea de probeza da nosa lingua e de non ser preciso conserva-la por estar superada con amplitude pola lingua castelán [...] mais, felizmente, non é tan probe... Ben que lle serviu ó mesmo señor Iglesia Alvariño para traducir a Horacio...⁸
- c) traballo... pragado de castelanismos
- d) verbas... que poideran supri-irse, ao noso ver, con verbas galegas:
castellana – castelán
palabra – verba ou parola
poderosa – podente
delicado – dondo
gallego – galego, etc ⁹.

Un extraño fadairo pairaba sobre o capítulo da Lingua na *Historia de Galiza*.

⁸ *Carmina* (trad., prólogo, notas de...), Santiago, Instituto Padre Sarmiento de Estudios Gallegos, 1951.

⁹ Op. cit. na n.6, p. 139.

3. ANÍBAL OTERO DE 1951 A 1957: DO ALPI E DA REAL ACADEMIA GALEGA

No inverno de 1950-1951, Manuel Sanchis Guarner e Lorenzo Rodríguez Castellanos entrevístanse en Nova Iorque con don Tomás Navarro Tomás, que accedera (instado por Menéndez Pidal?) a “devolver” a España —á España de Franco— o inxente material do ALPI. Farao ó Consejo Superior de Investigaciones Científicas, non ó Centro de Estudios Históricos, abolido polo franquismo. Fíxoo coa condición de que os seus antigos colaboradores finalizasen a investigación e elaborasen os criterios da edición dos mapas, criterios definidos, en longas conversas neoirquinias, polos tres lingüistas a fins de 1950 e inicios de 1951. O franquismo non ignoraba o perfil ideolóxico dos vellos colaboradores de don Tomás Navarro, dous dos cales, Sanchis Guarner e Otero, sufriran anos de prisión baixo ese Réxime. Na “operación” política, o home clave foi Rafael de Balbín, interesado en facer ver que o Réxime non se desentendía de tarefas científicas iniciadas antes do verán do 36. Está por contar qué papel xoga don Ramón Menéndez Pidal na “operación”, sen dúbida moito máis atento a culminar un proxecto científico, ó que non foi alleo nos inicios, cá saír na foto en 1962 á beira de Balbín, que representaba as novas institucións. A data, 1962, é a da publicación do primeiro e único volume. Nunca quedou claro por qué, recolleito todo o material, non se publicaron os nove tomos restantes (e o anexo). Significaba un custo excesivo para as arcas do Estado? En calquera caso, o Réxime xa saíra na foto. Cuestión complexa esta na que axiña aparecen voces especialistas en xeografía lingüística coa teima de que pasara a hora dos atlas “nacionais” e de que chegara a dos “rexionais”, algunhas capitaneadas por un home que, como Manuel Alvar, sen ser franquista, mandaba moito. Non tardarei en pronunciarme sobre cuestión (política e filolóxica) tan complexa como interesante.

Así pois, en 1951, Aníbal Otero é invitado a colaborar nas tarefas do ALPI, primeiro na recolleita de material no territorio portugués, do que só foran investigados, antes do 18 de xullo de 1936, algúns puntos norteños. Fará a investigación cun novo colaborador, o profesor Luis F. Lindley Cintra. Antes e despois, e no transcurso, da investigación en terras portuguesas, Aníbal Otero foi a

Madrid varias veces para consensuar criterios cartográficos e de transcripción fonética cos seus colegas do ALPI, especialmente con Sanchis Guarner. As veces, o noso lingüista achegábase ó café Lyon d’Or no que funcionaba, sobre todo os sábados, unha numerosa tertulia galega “presidida” por don Ramón Cabanillas e “Ben-Cho-Shey”¹⁰. Alí o coñecín eu —xuraría que en 1953— e alí coñecín, máis por boca de “Ben-Cho-Shey” e Fermín Penzol ca por el, o seu drama de 1936. Para min, que cursaba nesas datas o último ano de Filoloxía Románica, era o noso lingüista mártir.

Xa en actividade, de novo, os colaboradores do ALPI (desde 1951), a Real Academia Galega redacta e fai público este chamamento, que reproducimos enteiramente:

REAL ACADEMIA GALLEGA
(DECLARADA OFICIAL POR REAL
DECRETO DE 25 DE AGOSTO DE 1908)

LA CORUÑA

EXPOSICIÓN DE LA REAL ACADEMIA
GALLEGA AL CONSEJO SUPERIOR DE
INVESTIGACIONES CIENTÍFICAS, PARA
TRANSMITIR A DON MANUEL SANCHÍS
GUARNER, PROFESOR LINGÜISTA,
ENCARGADO DE LOS TRABAJOS DEL
“ATLAS LINGÜÍSTICO” DEL CONSEJO

Enterada esta Real Academia Gallega de que están terminados los estudios relacionados con dos de las lenguas románicas de la Península: castellana y catalana, y que van a ultimarse los trabajos para completar el ATLAS con la parte correspondiente a Portugal,

Este Cuerpo Literario ha de agradecer a V. S. que, al referirse a la tercera de las lenguas románicas de la Península, y a su correspondiente estudio, no sea olvidada la región gallega, poblada por dos millones y medio de habitantes que, aun hoy, hablan en su mayoría el lenguaje regional, hermano del portugués, pues es sabido que la nación portuguesa se constituyó en el siglo XII por segregación e independencia del Condado Portucaleense, creado con la parte Sur (del Miño al Mondego) del antiguo Reino de Galicia, y dado en dote por Alfonso VI a don Enrique de Borgoña al casarlo con su hija doña Teresa.

¹⁰ V. o meu artigo “Escritores galegos. Letras galegas en Madrid: a tertulia do café Lyon d’Or (1952-1954)”, Madrid, *Madrygal*, n.º 7, 2004, p. 16.

La lengua gallega en la Edad Media alcanzó el grado de perfeccionamiento que la hizo apta para la lírica, como patentizan los Cancioneros de la Vaticana, Colocci-Brancuti y Da Ajuda (en los cuales figuran en su mayor parte trovadores y juglares gallegos); las Cantigas de Santa María, de Alfonso X el Sabio, y otros códices, como una versión gallega de la *Crónica General* (de fines del siglo XIV o principios del XV); *Crónica Troyana* (traducción gallega del siglo XIV); *Crónica de Santa María de Iria* (Archivo de la Catedral de Santiago, siglo XV); versión gallega del *Códice Calixtino* (siglo XV); versiones gallegas de *Las Siete Partidas*, de Alfonso X (fragmentos de los siglos XIII, XIV y XV), y algunos otros, así como gran número de documentos de los siglos XIII al XVI, que entonces acostumbraban a redactarse en la lengua gallega, que era la corrientemente usada en este Reino.

Hay, además, una gran colección de romances, que todavía andan en boca del pueblo, y una riquísima literatura popular (cantares, cuentos, poesías diversas de variadísimos motivos, refranes, adivinanzas, etcétera).

A partir de los azarosos días de la lucha por la independencia contra los invasores napoleónicos, empezó a florecer de nuevo nuestra lengua regional en una literatura copiosa que se intensificó en la segunda mitad del siglo XIX y cuenta con gloriosísimos cultivadores admirados dentro y fuera de España (Rosalía Castro, Pondal, Curros, Añón, Lamas Carvajal, etc., etc.), y una riqueza que alcanza a todas las ramas literarias: poesía, novela, teatro, ensayos, etc., debiendo considerarse por lo tanto a la lengua gallega como una forma de expresión viva, y de la cual existen estudios filológicos tan notables como la *Gramática Histórica Gallega*, de don Vicente García de Diego; la *Gramática Gallega* de don Juan A. Saco Arce, y varios diccionarios gallego-castellanos, entre los que figura el que tiene en publicación esta Real Academia.

Teniendo en cuenta lo que antecede, la Real Academia Gallega ruega a V. S. que haga figurar en el aludido ATLAS LINGÜÍSTICO el idioma gallego, que es una de las lenguas románicas de la Península, ya considerándola aparte, por existir hoy diferencias apreciables con la portuguesa, o bien como una rama de ésta y conjuntamente con ella; es decir, como lengua Galaico-Portuguesa.

Nos dirigimos a ese ilustre Consejo Superior de Investigaciones Científicas, de muy relevante cultura en relación con todos los aspectos del saber, y

consiguientemente pudiera prescindirse de mejores alegaciones para mantener nuestra tesis.

Fuera fácil recordar que los dos más eminentes maestros de la literatura española, en nuestro tiempo, Menéndez Pelayo y Menéndez Pidal, éste hijo predilecto de La Coruña y académico de honor de nuestro Cuerpo Literario, justifican la antigua vitalidad del idioma gallego, su independencia y su influencia en los de la Península Ibérica.

El primero, en su *Antología de poetas líricos castellanos*, afirma que “la lengua lírica castellana no había soltado todavía los andadores de la infancia y apenas comenzaba a emanciparse del gallego, fondo primitivo y común del lirismo portugués y del castellano”, y el segundo, en *Poesía juglaresca* y juglares, asevera que “la comunicación juglaresca entre Portugal y Castilla era frecuente y servía de intermediaria Galicia”, juicios mantenidos por Murguía, el venerable patriarca de la cultura gallega, autor de *Los trovadores gallegos*.

Pero debe advertirse que en el propio Portugal, significados escritores mantienen nuestro criterio, y así ocurre que el doctor José Ribeiro Alves Junior, en su interesante estudio *Influencia da Literatura Galega na Literatura Portuguesa*, haciendo referencia a lo consignado en su *Literatura Gallega* por el inolvidable Eugenio Carré Aldao —gran propagandista de nuestras letras—, se inclina a establecer la primacía en favor de la lengua gallega.

Y asimismo el famoso Teófilo Braga, en su interesante libro *A Patria Portuguesa*, rotundamente dice: Portugal recebeu da Galiza, lingua, poesía lírica e aristocracia.

¿Para qué más argumentos?

Seguramente son conocidos por el aludido do Manuel Sanchís Guarnier, y es de esperar que acceda a nuestros justificados deseos.

No pretendemos exclusivas para el idioma gallego, pero sí que se respete la tradicional hermandad galaico-lusitana.

En la figura excelsa de Rosalía Castro, al universalizarse su nombre, en diversos idiomas, se universalizó nuestra habla.

Y la Real Academia Gallega, al formular este deseo, se inspira en la emocionada expresión de Teixeira de Pascoaes: *Galiza, terra irmá de Portugal*, y en el grito efusivo del autor de *Queixumes dos pinos*, el glorioso bardo Pondal, que al enaltecer nuestra “fala” finaliza con aquellos memorables versos:

¡Verbo do gran Camoens,
fala de Breogán!

Un respetuoso saludo al ilustre Consejo Superior de Investigaciones Científicas.

EL PRESIDENTE
Manuel Casás Fernández

EL TESORERO
Leandro Carré Alvarelos

EL SECRETARIO
Francisco Vales Villamarín

La Coruña, 2 de octubre de 1952

NOTA: la Junta de Gobierno de la Real Academia Gallega, considerando mantener viva la gloriosa tradición del idioma gallego, acordó reproducir el texto de la exposición precedente en hojas impresas que se dirigirán a los Centros Gallegos de España y de América y a diversas revistas y entidades literarias, especialmente de Galicia y de Portugal.

Su divulgación ofrecerá estímulo y enseñanza a la juventud que intente dedicarse al estudio y práctica de nuestra Literatura.

Sorprende que na Academia non haxa noticia precisa da realidade lingüística investigada polo ALPI (que inclúe o territorio da lingua galega) e tamén sorprende que ningún académico asocie esa empresa colectiva ó nome dun lingüista galego, no 36 “mártir da causa”. Que pasara, realmente? Acontecera que Sanchís Guarner fixera unhas declaracións na revista *Destino* (Barcelona)¹¹ nas que, por imprecisión do entrevistado ou do entrevistador, o ALPI non tiña en conta, como alegan os nosos académicos, “la región gallega”.

Quen descubriu o “lapsus” (ou o agravio) e alertou á Academia foi Carlos Martínez Barbeito, académico correspondente da Galega, daquela residente en Barcelona. Á súa carta (18-IX-1952) contéstalle don Manuel Casás, Presidente, nestes termos:

Esperé a contestarle a reunir a los compañeros de Junta de Gobierno para darles cuenta de su llamada de atención, y ello fue la causa de que tardase algún tiempo en hacerlo.

Se tomó el acuerdo de agradecer a usted su indicación y formular ante el Consejo S. de I. Científicas la respetuosa reclamación del caso.

Para ello se redactó una exposición, de la cual por separado le remito unos ejemplares, para circular por todas las organizaciones gallegas expandidas por el mundo... Por este mismo correo se envía un ejemplar a la revista *Destino*... ¿Tiene usted medio de influir cerca de su director? (17-X-1952).

En carta posterior reitéralle:

A usted le cabe la satisfacción de haber dado la voz de alarma en lo que respecta al “Atlas lingüístico”, y así se hizo constar en el acta correspondiente. Noble y provechosa preocupación de usted que mucho tenemos que estimarle (12-XI-1952).

Que eu saiba, dúas revistas publicaron completa a “Exposición” (sen a “Nota” final) da Academia, as dúas da nosa diáspora americana: *Mundo Gallego* (Buenos Aires, n.º 4, octubre-diciembre, 1952) e *Galicia* (Centro Gallego de Caracas, n.º 5, enero-febrero, 1953)¹². Nesta revista publica Eduardo Blanco-Amor un artigo que titula “Galicia ignorada y preterida” e que subtítulo “Una alcaldada lingüística”. O autor, alleo tamén á existencia do ALPI, permítense ironías facilonas como esta:

Y todo ello para que un señor D. Manuel Sánchez (sic) Guarner —muy señor nuestro—, nada menos que miembro del Consejo Superior de Investigaciones Científicas, cometa la alcaldada...

Sabemos que a Academia Galega fixo outro tipo de esforzos para evitar que “el Atlas... de la Península Ibérica no se limite al portugués sino que se respete la hermandad tradicional del galai-co-lusitano”. Así lle escribía o Presidente a don Ramón Menéndez Pidal (10-X-1952)¹³.

Hai que supoñer que a Xunta de Goberno da Academia galega non tiña, en 1952, noticia do ALPI, nin sequera do drama vivido en 1936 (e despois) polo colaborador galego, Anibal Otero. Así as cousas, ten sentido a protesta académica ante o que foi, por parte de Sanchís Guarner, un “lapsus” e non un agravio. En canto a Blanco-Amor, é mágoa que un escritor tan culto e tan preocupado polos infortunios dos vencidos da Guerra Civil, non tivese noticia da dramática biografía

¹¹ 13-IX-1952.

¹² Conviña facer unha esculca na prensa diaria de Galicia do mes de outubro de 1952.

¹³ Na Academia obra o borrador manuscrito da carta, que procurou para min o arquivado da institución don Xosé Luis Axeitos Agrelo. A el, “motu proprio” ou por indicación miña, debo o coñecemento de boa parte dos documentos aducidos neste traballo para examinar a relación Real Academia Galega-Anibal Otero. Gratidade!

lingüística de Aníbal Otero, nin datos sobre Sanchis Guarner, capitán republicano.

Non sabemos cando a Academia foi alertada do seu despiste, tan inxusto para Aníbal Otero, pero o certo é que, quizais para desagraviarlo, catro anos despois, a institución nomea membro correspondente nun oficio asinado por tres numerarios, dous dos cales (Leandro Carré e Vales Villamarín) asinaron había pouco a requisitoria contra o ALPI, na que ignoraban o nome —e, por tanto, o labor— do noso lingüista. No oficio do 22 de xuño de 1957, lemos estas gabanzas:

... proponer para Correspondiente de la Corporación a don Aníbal Otero, notable escritor y relevante filólogo de la lengua gallega, autor de muy excelentes estudios...

Supoñemos que os “excelentes estudos” refírense ós oito traballos publicados en *Cuadernos de Estudios Gallegos* (Santiago) entre 1949 e ese ano¹⁴, e a dous na revista *Archivum*, de Oviedo, desde 1953¹⁵.

No oficio faise referencia á condición de “notable escritor”, referencia que supoñemos retórica. Nesa altura Aníbal Otero só tiña publicado un poema, “Eso” (na revista *Nós*, n.º 101, 1932). Non se fai referencia ó seu labor —daquela aínda inédito— de colaborador no ALPI.

4. PÚBLICASE EN 1962 O PRIMEIRO (E ÚNICO) TOMO DO ALPI: REPERCUSIÓN EN GALICIA

Cando xa moitos sospeitaban que nunca se publicaría a magna obra, reiniciada en 1950, aparece, en abril de 1962, o primeiro tomo do ALPI, acontecemento que celebran en Madrid, cun xantar, o 17 dese mes (non o 14), os colaboradores con don Ramón Menéndez Pidal e Rafael de Balbín. Eu publiquéi esa foto nun artigo necrolóxico do *Faro de Vigo* (“Na morte de Aníbal Otero”, 23-IV-1974).

Aínda ben non regresara Aníbal Otero a Barcia, alá fun eu, desde Lugo, no auto do doutor Celso Rodríguez, para entrevistar ó lingüista, entrevista que se publicou en *El Progreso* o 25 de abril de 1962. Titulei a reportaxe (ou foi o perió-

dico?) “Aníbal Otero, un filólogo lugués cuyo nombre empieza a recorrer el mundo / Es uno de los autores del Atlas Lingüístico de la Península Ibérica”. Ilustrei a reportaxe con dúas fotos significativas: Otero entrevistando a un pastor en Ávila (1934) e Otero cos seus colegas do ALPI (Sanchis Guarner, Rodríguez Castellanos e Aurelio M. Espinosa [fillo]). Iniciaba a entrevista con esta información:

Acaba de aparecer, hace justamente diez días, el *Atlas Lingüístico de la Península Ibérica*, una de las hazañas de nuestra Filología. Un atlas lingüístico, cuando se realiza con la inteligencia y minucia del presente, es una “fotografía” de lo más esencial de una lengua. La gallega, en este atlas peninsular, ha sido indagada por Aníbal Otero. Para ello tuvo que visitar, hace casi treinta años, 52 pueblos de nuestra geografía. Con la Guerra Civil, los materiales del Atlas fueron a parar, con su director, el gran fonetista Navarro Tomás, a Nueva York. Un buen día regresaron estos materiales y los antiguos colaboradores (Otero, Castellanos, Guarner y uno nuevo, Cintra) emprendieron las últimas andanzas filológicas. El primer tomo del Atlas -serán diez- está llegando hoy a todos los grandes centros lingüísticos del mundo, y con él, el nombre de Aníbal Otero.

Supoño que esta presentación debeu facer sorrir ó lingüista de Ribeira de Piquín, xa, de novo, exercendo de labrego e sachando os seus leiriños.

De volta de Barcia, trouxen comigo o *Atlas* —o monumental primeiro tomo—, que consultei na miña casa días e días. Non tardei en publicar, noutros xornais galegos, dúas reseñas máis: “Galicia en el Atlas Lingüístico de la Península Ibérica / Aníbal Otero, filólogo y colaborador”, *La Noche*, Santiago, 1-V-1962, e “El Atlas Lingüístico de la Península Ibérica”, *Faro de Vigo*, 3-VI-1962. Na primeira facía esta observación:

Quienes sólo conocen el gallego literario ignoran la castellanización que está sufriendo, en su léxico, la lengua hablada. “Abuelo”, por ejemplo, se registra en la geografía gallega más veces que el autóctono “abó”; “gallego”, 49 veces, contra tres de “galego”, localizadas estas al lado de la frontera portuguesa. La lengua literaria prodiga abusivamente “albre”, forma sólo en un punto atestiguada por el Atlas. Es sorprendente ver como en ningún lugar se encontró “ar”, probablemente portu-
guese-

¹⁴ Co título “Hipótesis etimológicas referentes al gallego-portugués”, salvo dous (“Una versión latina popular de las doce palabras retornadas”, 1951, e “Irregularidades verbales del gallego”, 1952).

¹⁵ Co título “Contribución al léxico gallego y castellano”.

sismo en nuestra literatura. Análogas observaciones pueden hacerse ante el mapa de “dulce” y otras palabras.

Antes de que aparecieran en revistas especializadas recensións do ALPI (García de Diego a fins de 1962, F. Schurr en 1963...), as miñas tres reseñas foron as únicas que alertaron en Galicia sobre o significado da obra e sobre o traballo, nela, de Aníbal Otero.

Un ano despois, Epifanio Ramos e mais eu, responsables, en Lugo, da mostra “Cen anos de literatura galega”, dedicámoslle ó lingüista unha subsección no apartado de Lingüística Galega. Titulábase “Obra de Aníbal Otero”, e, nela, amosábase seis separatas de *Archivum* e catorce de *Cuadernos de Estudios Gallegos*. Cando, en 1964, se publicou o correspondente catálogo, *Cen anos de literatura galega*, os editores aclarábase nos na nota 3:

Ó converter a obra de Aníbal Otero en subsección, pretendeuse destacar o traballo do máis importante lingüista galego desta hora.

Pero Aníbal, home con moi poucos azos para estas mundanidades, non visitou a mostra bibliográfica na que, ó noso modo, lle facíamos un recoñecemento, unha homenaxe.

5. EN 1963 A REAL ACADEMIA GALEGA PROPONSE FACER NUMERARIO A ANÍBAL OTERO

Foi o 24 de decembro dese ano, coincidindo coa mostra bibliográfica de Lugo “Cen anos de literatura galega”, que visitou, moi atento, don Sebastián Martínez Risco, presidente da institución. A proposta (que reproducimos) asíana el, Antonio Fraguas Fraguas e Xesús Carro García:

Á REAL ACADEMIA GALEGA

Os académicos numerarios que suscriben teñen a honra de se dirixir á nosa ilustre Corporación pra facer a proposta de D. Aníbal Otero Alvarez pra cubrir a vacante producida polo falecemento do noso inesquecible compañeiro D. Gonzalo López Abente, cuia desaparición privou á nosa poesía de unha das súas voces máis rexas e puras.

Por concurriren na persoa de D. Aníbal Otero Alvarez méritos realmente singulares dende o punto de vista da formación lingüística —discípulo predileito e colaborador íntimo de D. Ramón

Menéndez Pidal e máis de D. Tomás Navarro Tomás, colaborador do *Atlas Lingüístico de la Península Ibérica*, máisima autoridade nos estudos de fonética e lexicografía galega—, estamos seguros de que a nosa proposta será ben acollida polos restantes compañeiros da Corporación e merecerá a súa plena simpatía e adhesión.

Non queremos deixar de someter á consideración dos señores académicos unha razón que pesou decisivamente no noso ánimo ó pensar na presente candidatura e que, na nosa opinión, revisite unha importancia escepcional: a de ser D. Aníbal Otero, entre todos galegos atualmente vivos, o máis profundo e amplo conocedor da nosa realidade idiomática ademais de ser o investigador que máis traballos científicos leva aportado á lingüística galega nos derradeiros 20 anos.

Si o estudo da nosa língoa é unha das misións máis importantes da Academia, a incorporación de Aníbal Otero ó seu seo será, coitados, da meirande oportunidade e proveito.

A Cruña, 24 de Nadal de 1.963

Antonio Fraguas Fraguas
Jesús Carro García
Sebastián Martínez Risco

Na proposta salientáanse, entre outros méritos, o ser “colaborador do Atlas Lingüístico de la Península Ibérica” e “o máis profundo e amplo conocedor da nosa realidade lingüística”. No informe que adxuntan, ademais de insistir no ALPI, ofrecen datos como este:

O Instituto de Filoloxía Lingüística Galega, da Fundación Penzol, encomendoulle o estudo idiomático da comarca da Fonsagrada, que levará a cabo coa colaboración de Antonio Santamarina, alumno da Sección de Románicas da Universidade compostelana, e mais das terras do Eo, que ofrecen un gran interés lingüístico. Baixo a dirección de Aníbal Otero, e coa colaboración dos alumnos de Románicas da nosa Universidade, proseguirase o estudo da nosa realidade lingüística a traves das distintas comarcas da área idiomática galega.

Á proposta dos tres académicos contesta Ricardo Carballo Calero nestes termos:

Vista a proposta en favor de don Aníbal Otero Alvarez pra que ocupe, como Académico Numerario, a vacante producida polo falecemento de don Gonzalo López Abente, e os méritos aducidos en apoio de tal proposta, o que suscribe informa, en execución do encárrago que se lle ten feito, que o candidato é figura de grande relevo no campo da fonética e da lexicoloxía galegas, e que a súa incor-

poración ao noso Instituto sería, por tal motivo, de grande utilidade para a Corporación, un de cuíos fins primordiais é, segundo os Estatutos, o estudo da lingua de Galicia.

Lugo, 27 de xuño de 1964

R. Carballo Calero

Reproduzo tamén a resposta de don Leandro Carré (un dos académicos que, en 1952, ignoraba a existencia de Aníbal Otero):

Cumprindo a encomenda que me foi conferida pol-a Xunta Xeral do día 7 de Xunio, comprácame manifestare:

Que o meu distinto amigo e filólogo Dr. Josef M. Piel, tenme falado algunha vez con louvor do Sr. Aníbal Otero Alvarez, presentándome como estudoso e traballador entusiasta a prol da filoloxía galega.

Pol-a miña parte leín algúns dos estudos do Sr. Otero encol de “Hipótesis etimolóxicas referentes ao galego-portugués”, así como tamén das súas “Contribuciones al léxico gallego y asturiano” observando neles unha sistematización de fondo interés, e que acreditan a súa preparazón e mais o amor con que se ven adicando aos estudos da nosa lingua vernácula, tan precisada de atenzón na R. Academia Gallega para podermos cumprir un dos principaes ouxetos para que foi creada.

O Sr. Otero Alvarez pode ser un elemento de grande importancia neste senso para os fins da Corporazón, e estimo, pol-o tanto, que ten méritos para ocupar dinamente a vacante para que foi proposto.

Na Cruña, a 7 de Xulio de 1964

Leandro Carré

O texto expresa ben a inxenuidade de don Leandro, especialmente nas liñas en que se refire ós “informes” do profesor Piel.

É significativo que asinen a proposta para académico numerario Martínez Risco (un antifranquista claro, se ben prudente), Antonio Fraguas (profesor represaliado no 36) e Xesús Carro (sacerdote que, “motu proprio”, declarou ante o xuíz franquista en favor de lingüista tan sospeitoso). Nesta liña, non debemos desdeñar o informe, moi expresivo, de Carballo Calero, outro camarada de infortunio en 1939.

Quizais conveña ter en conta que, cando a Academia designa a Aníbal Otero como numerario, o que verdadeiramente interesa á institución é incorporar ó seu seo un lingüista con “curricu-

lum” de tal, figura realmente inexistente nesa altura na Academia, unha institución que tiña a obriga -mesmo por lei- de interesarse a fondo polo idioma. Esta era unha das grandes preocupacións, en todo momento, de Ramón Piñeiro, quen, quizais, foi, desde a sombra, un dos valedores de Aníbal Otero. A esta preocupación de fondo hai que engadir a adhesión moral que suscitaba en Piñeiro e nos académicos citados a condición de Otero como “mártir” da Lingüística galega.

A Academia, en oficio do 3 de decembro de 1964, comunicalle a Aníbal Otero que foi “nombrado Académico numerario de esta Real Corporación”. No oficio tamén se lle fai saber do “deber en que está de presentar el correspondiente discurso de ingreso...”

Aníbal Otero contesta ó secretario da Corporación, días despois, con este laconismo:

Sr. D. Francisco Vales Villamarín

Muy distinguido señor mio: agradezco el nombramiento de miembro numerario de la R.A.G., que Vd. me comunica. Ni que decir tiene que procuraré corresponder a él en la medida de mis fuerzas.

Aprovecho la ocasión para reiterarme muy affmo. amigo y s.s.

q. e. s. m.

Aníbal Otero

Barcia. Ribeira de Piquín. Lugo
7 diciembre 1964

Un ano xusto despois (o 7 de decembro de 1965), a Academia, que non recibira o discurso preceptivo nin noticias sobre el, faille saber:

Esta Junta ha interpretado con gran amplitud las normas por que la Institución se rige en relación al extremo indicado, pues que son seis meses el plazo concedido para remitir a la Academia el discurso reglamentario a partir de la consiguiente elección, resultando que la de V. S. tuvo efecto en 29 de noviembre de 1964, comunicada oficialmente en 3 de diciembre del propio año.

Así pues, la Junta de Gobierno ruégale se sirva consagrar preferente atención a la redacción de aquella pieza de la cual convendrá informe oportunamente a esta Secretaría expresando qué Numerario habrá de contestarle en nombre de este regio Instituto.

Pasa case un ano e Aníbal Otero non contesta ó oficio da Academia, cuxa Xunta de Goberno

transmítelle (en galego), o 18 de outubro de 1966, o que lle comunicara, en castelán, dez meses antes:

Esta Xunta interpretou co' a meirande largueza as normas pol-as que a Institución rixese en relación o extremo devandito, pois que son seis meses o prazo concedido para remitir a Academia o discurso reglamentario a partir da conseguinte elección, resultando que a de V. S. tivo efecto en 29 de novembro de 1964, comunicada oficialmente poucos días despois.

Así, pois, a Xunta de Goberno prégalle consagre atención preferente a redacción de aquela peza, da cal é comenente informe oportunamente a esta Secretaría expresando qué Numerario haberá de respostarlle en nome d'este rexio Instituto.

Otero non pode eludir contestar, se ben tarda máis de dous meses. É un home abatido que se expresa deste xeito:

Sr. D. Sebastián Martínez Risco

Mi distinguido amigo: la mala salud, el poco ánimo consiguiente y las adversas circunstancias me han impedido realizar el trabajo necesario para mi ingreso en la Academia. Como no abrigo esperanzas de mejora, lo más conveniente será que Vds. elijan otra persona para la vacante de López Abente. Agradezco mucho a mis amigos las molestias que se tomaron para sacar adelante mi candidatura y hago votos por la prosperidad de la Academia, cuyos ideales comparto plenamente.

Le saluda con la mayor cordialidad.

Aníbal Otero

Barcia. Ribeira de Piquín. Lugo.

28 de Octubre de 1966

Poucos días despois, o Presidente, don Sebastián Martínez Risco, rógalle “muy encarecidamente que reconsidere su actitud” (7-XI-1966). Coa mesma data dirixese ó profesor Enrique Santamarina, residente nos Estados Unidos

...para que estés ó tanto e, si che parece, dada a túa boa amizade con Aníbal, escribirille de contado indicándolle o mal efecto que causaría na opinión galega o seu propósito, o quebranto que tería a Academia sin telo nas súas fías e a decepción dos Académicos que o propuxeron.

Nós confiamos nos teus bos oficios, como sempre...

Da resposta, moi poucos días despois, escollo estes parágrafos:

... comprendo as circunstancias que o motivaron. Verás:

O vran antepasado, cando eu tiven ahí, il quería ir a Madrid cando fora o Congreso Internacional de Filoloxías Románicas e esperaba que o Consello lle pagara o viaxe. Pois nin o convidaron a ir nin foi pola súa conta por non [ter] medios económicos... Il quería aproveitar a ocasión para usar a Biblioteca do Centro de Estudios pra facer o seu discurso. Eu coido que por ser concenzudo demais e non poder ir a Madrid, non poido facer o Discurso. Un discurso de ingreso non se debe facer sin base documental seria, díxome daquela.

Escríbolle a Aníbal niste intre e prégolle que reconsidere e aceite a vosa xerosa suxestión. Tamén lle digo que nós, Leonardo [Santamarina] e mais eu, temos unhos miles de pesetas na Fundación Penzol pra quen faga un tema ou laboura importante de filoloxía e lingüística galega e que tal traballo deba ser o tema da súa Disertación...

... Fai anos deixamos 6.000 pts. pra il e outras tantas pra un axudante pra que se encetaran os estudos dialectales do galego da Fonsagrada, e aínda non recolleu o diñeiro. Como meu sobriño Tocho [Antón Santamarina] ta xa traballando nun estudo do galego do Val de Suarna ten que el ir a ver un día distes e xa el animará a que lle axude¹⁶. Saíra moi animado cando coméramos xuntos aquela tarde de vran. Eu confío que a súa saúde, que lle é ben fraque, lle deixe desprazarse, aínda que sexa por pequenas distancias.

Todo foi inútil. Lembro agora que, recién nomeado numerario da Academia, os amigos lugueses (fundamentalmente os da tertulia anti-franquista do café Méndez Núñez) organizamos un xantar de homenaxe en Lugo (“malgré lui”) no restaurante Alameda¹⁷. Foi —se mal non me lembro— na primavera de 1965. Os que máis tratábase a Aníbal (Emilio Gil, Celestino F. de la Vega, eu...) tiñamos o temor de que non chegase a ler o discurso académico. Non era un temor infundado, dado o fondo desencanto que se desprendía das

¹⁶ Sobre esta relación, consúltese o *Vocabulario de San Jorge de Piquín*, reelaborado por Antón Santamarina (Instituto da Lingua Galega, 1977).

¹⁷ Lembro estes nomes: X. Alonso Montero, Celestino F. de la Vega, Emilio Gil, Ánxel Fole, Antón Figueroa, Ricardo López Pardo, Epifanio Ramos de Castro, Ramón Varela Méndez, Amable Veiga e Anxel Xohán.

súas palabras, das súas opinións¹⁸. En 1965 ou 1966 non era frouxa a súa saúde física; érao a psíquica. Creo que as circunstancias económicas e a necesidade de consultar nas bibliotecas non sei qué libros ou documentos, non son a razón fundamental de non acometer a elaboración e redacción do discurso de ingreso na Real Academia Galega. Marcado, loxicamente, pola experiencia, tan dura, de 1936, a doenza do seu fillo foi magoando e deteriorando o seu psiquismo nunha medida grande e progresiva. Xa antes, as súas perspectivas profesionais e sociais no universo da Lingüística eran nulas.

Home cada vez menos sociable, contou sempre co afecto (afecto “republicano”) dun grupo de intelectuais e profesionais en Galicia, sobre todo en Lugo, e coa solidariedade (incluso económica) de persoas de notable predicamento científico e antifranquista, como os irmáns Santamarina, lugueses no exilio estadounidense. Nesta altura da súa vida xa todo era inútil.

Sabíao ben o Presidente da Academia cando o 4 de decembro de 1968 insta por última vez a Anibal Otero para que presente o preceptivo discurso. Reproducimos o oficio, que xa non tivo (que se saiba) resposta.

SR. D. ANÍBAL OTERO ÁLVAREZ
BARCIA.- RIBEIRA DE PIQUÍN.- LUGO

En sesión celebrada por esta Real Corporación en 24 de noviembre ppdo., se adoptó, entre outros, el acuerdo que transcribe a V. S.:

“El señor Martínez-Risco propuso —y así se acordó— conceder, a partir de esta fecha, a los señores Académico de número electos que, por razones desconocidas, no han presentado aún los preceptivos discursos de ingreso, tres meses más de plazo para la remisión de los mismos, advirtiéndoles que, de no hacerlo como se indica, se declararán caducados sus nombramientos, de conformidad con lo dispuesto en el artículo 15 de los Estatutos por que se rige esta Institución”.

Y encontrándose V. S. entre los aludidos señores Académicos, por cuanto su elección se efectuó con data 29 de noviembre de 1964, ruégole tenga a bien remitir dentro del plazo indicado el referido discurso, al objeto de cumplimentar este acuerdo.

Dios guarde a V. S. muchos años.

La Coruña, 4 de diciembre de 1968.

EL SECRETARIO

Vº Bº
EL PRESIDENTE.

¹⁸ Referíndome a este xantar, escribía eu na Gran Enciclopedia Gallega, xa falecido o lingüista:

Elegido miembro numerario de la Real Academia Gallega en 1964, un grupo de amigos le tributaron un sencillo homenaje, que él aceptó a su pesar. Preocupado muy seriamente desde hacía años por la enfermedad de su hijo, ajeno (Anibal) desde siempre a los honores y vanidades, no llegó a tomar posesión de su sillón académico.

APÉNDICE

Traballos e artigos de Xesús Alonso Montero sobre Aníbal Otero e o ALPI (*Atlas Lingüístico de la Península Ibérica*, 1962)

I

En volumes colectivos

- “Atlas Lingüístico de la Península Ibérica”, en *Gran Enciclopedia Gallega*, Santiago, vol. 3, p. 7.
- “Id”, en *Gran Enciclopedia Galega*, Lugo, vol. 4, p. 95. É trad. galega do anterior.
- “Otero Álvarez, Aníbal”, en *Gran Enciclopedia Gallega*, Santiago, vol. 23, p. 150.
- “Id”, en *Gran Enciclopedia Galega*, Lugo, vol 33, pp. 228-29. É trad. gal. do anterior.
- “Para a biografía lingüística de A. O.: da súa relación con Otero Pedrayo”, *Homenaxe ao profesor Xosé Luís Couceiro*, Universidade de Santiago de Compostela, 2008, pp. 25-34.

II

Na prensa diaria

- “Ante el Atlas Lingüístico de Andalucía”, *Hoja del Lunes*, Lugo, 16-4-1962 (Recolleito no libro *La palabra en la realidad*, Lugo, Celta, 1963, pp. 81-82). Fálase do ALPI, “hoy, al parecer, en prensa. En él tendrá cabida Galicia”.
- “Aníbal Otero, un filólogo lugués, cuyo nombre empieza a recorrer el mundo / Es uno de los autores del Atlas Lingüístico de la Península Ibérica”, *El Progreso*, Lugo, 25-4-1962.
- “Galicia en el Atlas Lingüístico de la Península Ibérica / Aníbal Otero, filólogo y colaborador”, *La Noche*, Santiago, 1-5-1962.
- “El Atlas Lingüístico de la Península Ibérica”, *Faro de Vigo*, 3-6-1962 (Reproducido en *Lugo*, Centro Lucense de Buenos Aires, nov., 1964.
- “Aníbal Otero na Lingüística galega”, *El Progreso*, 7-1-1965.
- “Na morte de A. O.”, *Faro de Vigo*, 23-5-1974 (reproducido en *Lingua, literatura e sociedade en Galicia*, Madrid, Akal, 1977).
- “Ante a morte dun filólogo”, *La Voz de Galicia*, 21-1-1982. Sobre M. Sanchis Guarner, colaborador do ALPI (e, tamén, sobre A. O.).
- “A. O.: no décimo cabodano”, *Faro de Vigo*, 25-3-1984 (con dúas cartas de T. Navarro Tomás e unha de R. Menéndez Pidal).
- “David Heap e o ALPI: da desmemoria”, *La Voz de Galicia*, 14-8-2004.
- “A. O. e o ALPI, de novo”, id., 21-8-2004.
- “De A. O., mártir da Lingüística”, id., 5-7-2008.